



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN ARTE DRAMÁTICA, REGULADAS NO REAL DECRETO 630/2010, DE 14 DE MAIO, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de abril de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de grao en arte dramática, reguladas no Real Decreto 630/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- No artigo 7, propónse a supresión do seguinte punto: **“2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas haberán de impartirse nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que a tal fin establece a Consellería competente en materia de educación”**. (Páxina 8, liñas 171 a 175).

2.- Na disposición adicional segunda, punto 2, propónse que se engada o texto que figura en negriña: **“2. Asemade, a Consellería competente en materia de Educación, a proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e afondamento das disciplinas propias da Arte Dramática nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico”**. (Páxina 11, liña 248).

3.- Na disposición adicional quinta, propónse un texto de adición ao final do parágrafo co seguinte texto: **“mantendo os cadros de persoal actuais ou aumentándoos”**. (Páxina 12, liña 272).

4.- No apartado de competencias transversais do Título de Graduado ou Graduada en Música, competencia T.17, propónse a inclusión do texto que está en negriña: **“ T.17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural galego e universal, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos”**. (Páxina 22, liña 350).

5.- O Consello Escolar de Galicia recomenda que se elaboren regulamentos específicos para os centros superiores de ensinanzas artísticas, entre os que se atopa a Escola Superior de Arte Dramática.

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.

O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés

